i l	B6.1. Díxitos significativos. Truncamento e arredondamento. Erro acumulado. Erros absoluto e relativo. B6.2. Converxencia. B6.3. Métodos de resolución de ecuacións cunha incógnita. B6.4. Métodos de resolución de sistemas lineais. B6.5. Métodos de cálculo de integrais definidas. Cálculo de superficies.	B6.1. Utilizar as técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoos á linguaxe alxébrica adecuada e estudando as relacións funcionais que interveñen neles.	MENB6.1.1. Analiza os problemas e determina o método de cálculo da solución apropiado a cada caso, empregando números aproximados e acoutando o erro cometido, e contrasta o resultado coa situación de partida.	CMCCT CSIEE	Analiza os problemas e determina o método de cálculo da solución apropiado a cada caso, empregando números aproximados e acoutando o erro cometido, e contrasta o resultado coa situación de partida
			MENB6.1.2. Calcula áreas utilizando métodos numéricos.		CMCCT
i l	B6.6. Interpolación polinómica.	B6.2. Utilizar táboas e gráficas como instrumento para o estudo de situacións empíricas, axustándoas a unha función, e obter os seus parámetros para adquirir información suplementaria, empregando os métodos de interpolación e extrapolación adecuados.	MENB6.2.1. Axusta os datos obtidos a partir dunha situación empírica a unha función e obtén valores descoñecidos, utilizando técnicas de interpolación e extrapolación.	CMCCT CMCCT	Axusta os datos obtidos a partir dunha situación empírica a unha función e obtén valores descoñecidos, utilizando técnicas de interpolación e extrapolación
			MENB6.2.2. Analiza relacións entre variables que non se axusten a ningunha fórmula alxébrica e amosa destreza no manexo de datos numéricos.		CMCCT

15. METODOLOXÍA

Conforme as recomendacións da Orde ECD/65/2015 a materia de Matemáticas na Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá ao desenvolvemento e adquisición das competencias e dos obxectivos xerais de etapa, tendo en conta o que cada alumno é capaz de facer, os seus coñecementos previos e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos; é dicir, que poidan ser usados en novas situacións. Polo tanto, é moi importante contextualizar as aprendizaxes á resolución de problemas da vida real nos que se poidan empregar números, gráficos, táboas, etc., así como realizar operacións, e expresar a información de forma precisa e clara.

Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Nesta etapa, a resolución de problemas ocupa un lugar preferente no currículo como eixe do ensino e aprendizaxe das matemáticas. As estratexias de resolución e as destrezas de razoamento son contidos transversais a todos os bloques de contidos. Ademais, permiten traballar e integrar coñecementos de varios bloques ou de distintas materias. Desde todos os bloques haberá que abordar a planificación do proceso, as estratexias e técnicas de resolución de problemas ou a confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas par enfrontarse a novas situacións. Os problemas deberán partir do nivel de coñecementos do alumnado e irase graduando a súa dificultade ao longo desta etapa.

A metodoloxía que imos empregar aséntase nos seguintes puntos:

- **Motivación:** ao alumno temos que atraelo mediante contextos pretos, presentarlle situacións que entenda e lle resulten significativas.
- Facer fincapé na **aplicación e utilidade** que as matemáticas teñen na vida cotiá do alumnado, sen deixar de lado o rigor que require a materia.
- Relevancia das **competencias en matemáticas** e da **competencia matemática**.
- **Aprendizaxe activo e colaborativo:** a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é unha maneira óptima de fomentar a participación e implicación do alumnado no seu propio aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ten que apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de tal xeito que a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións semellantes.
- Peso importante das **actividades:** a **extensa práctica** de exercicios e problemas afianza os coñecementos adquiridos e permite ao profesor detectar e solucionar calquera lagoa de aprendizaxe.
- **Integración das TICs** no proceso de ensino-aprendizaxe.
- **Atención á diversidade** de capacidades e intereses: isto implica unha metodoloxía de ensino na que a clave é garantir o avance seguro, o logro paso a paso. Evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas e, en definitiva, frustracións por non acadar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo do que é capaz. O que

implica atender non só a quen máis axuda precisa senón tamén aos alumnos con maior capacidade e interese por ampliar coñecementos.

Será preciso traballar con materiais que permitan distintos graos de profundización e actividades abertas. Os métodos teñen que ser diversos, tendendo sempre a propostas metodolóxicas que impliquen activamente ao alumnado. En ocasións, a utilización de diferentes medios tecnolóxicos pode ser de grande axuda para facilitar a aprendizaxe de forma autónoma e permitirá traballar a niveis diferentes segundo as capacidades do alumnado, mellorando deste xeito a atención á diversidade.

16. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Estes son os libros de texto que imos empregar no presente curso académico 2016/17:

1º ESO: Matemáticas 1º ESO Autores: José Colera e outros
Editorial Anaya Ano 2015

2º ESO: Matemáticas 2º ESO Autores: José Colera e outros
Editorial Anaya Ano 2016

3º ESO: Matemáticas orientadas a las enseñanzas académicas
Editorial sm Ano 2015
Autores: Fernando Alcaide, Joaquín Hernández e outros

Matemáticas orientadas a las enseñanzas aplicadas
Editorial sm Ano 2015
Autores: Fernando Alcaide, Joaquín Hernández e outros

4º ESO: Matemáticas orientadas a las enseñanzas académicas
Editorial sm Ano 2016
Autores: Fernando Alcaide, Joaquín Hernández e outros

Matemáticas orientadas a las enseñanzas aplicadas
Editorial sm Ano 2016
Autores: Fernando Alcaide, Joaquín Hernández e outros

1º Bacharelato: sen libro de texto

2º Bacharelato: sen libro de texto

Algúns materiais de apoio que poden servir para reforzar e ampliar o estudo dos diferentes contidos da materia son:

- O caderno do alumnado, no que este realizará as actividades que se lle propoñen nos distintos epígrafes (no caso dos cursos onde se emprega libro de texto).
- A calculadora: o seu uso racional e o aprendizaxe do uso dalgunhas funcións descoñecidas da mesma (dependendo do curso).
- Fontes de consulta: libros, enciclopedias, páxinas web, etc. que servirán ao alumno para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar cuestións de ampliación (sobre todo no caso do bacharelato).
- Recursos dixitais: os libros empregados na ESO dispoñen nas páxinas web correspondentes, diferentes presentacións, simulacións e actividades interactivas que constitúen un apoio eficaz para o estudo de cada unidade e, en moitos casos, para a ampliación de contidos. Destácase a presenza de actividades interactivas de Geogebra, Wiris, etc.

17. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN

EN 1º, 2º E 3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames escritos que incluírán toda a materia dada desde o comezo do curso hasta o momento do exame. O segundo exame terá valor dobre que o primeiro.

2ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames que terán o mesmo peso e incluírán os seguintes contidos:

- Primeiro exame: Primeira avaliación máis a materia dada da segunda.
- Segundo exame: Toda a materia dada na segunda avaliación.

3ª AVALIACIÓN: Realizaranse tres exames que terán o mesmo peso e incluírán os seguintes contidos:

- Primeiro exame: Primeira avaliación máis a materia dada da terceira.
- Segundo exame: Segunda avaliación máis a materia dada da terceira.
- Terceiro exame: Toda a materia dada na terceira avaliación.

EN 4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames escritos que incluírán toda a materia dada desde o comezo do curso hasta o momento do exame. O segundo exame terá valor dobre que o primeiro.

2ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames que terán o mesmo peso e incluírán os seguintes contidos:

- Primeiro exame: Primeira avaliación máis a materia dada da segunda.
- Segundo exame: Toda a materia dada na segunda avaliación.

3ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames, o primeiro terá valor dobre que o segundo, e incluírán os seguintes contidos:

- Primeiro exame: Primeira e segunda avaliacións máis a materia dada da terceira.
- Segundo exame: Toda a materia dada na terceira avaliación.

A nota de cada avaliación ordinaria nos grupos da ESO estará constituída nun **85%** pola cualificación obtida polos correspondentes exames xa mencionados, en nun **15%** polas anotacións que o profesor teña en cada período relativas a:

1. Probas de control, orais ou escritas sobre cuestión teóricas e exercicios prácticos propostos aos alumnos sen previo aviso e referidas á lección en curso ou á lección inmediatamente anterior á data en que a proba teña lugar.
2. Preguntas na clase que servirán para valorar os coñecementos teórico-prácticos acadados polo alumno e o emprego adecuado da ferramenta matemática, así como o rigor no razoamento e a linguaxe utilizada.
3. Traballos voluntarios realizados polos alumnos a proposta do profesorado.
4. Na segunda avaliación, a lectura dun libro relacionado coas matemáticas proposto polo Departamento e do cal o alumno terá que realizar ben unha proba escrita na aula, ben unha ficha de lectura fora da aula (segundo o criterio do profesorado)

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.

A **nota final** do curso calcularase do seguinte modo:

$$Nota_{final} = \frac{Nota_{1^a} + 2 \cdot Nota_{2^a} + 3 \cdot Nota_{3^a}}{6}$$

- Esta nota final será redondeada á súa parte enteira por exceso ou defecto segundo a progresión observada polo alumno ao longo do curso.
- No caso de que esta **Nota_{final}** fora inferior a 5, pero o alumno aprobara a terceira avaliación, a súa nota final sería un **cinco**.

OBSERVACIÓN

Como no momento da confección desta programación descoñécese as datas para a realización da avaliación final de ESO, fixemos a mesma, nos apartados correspondentes aos cursos de 4º de ESO, supoñendo que dita proba tería lugar no mes de xuño y que os alumnos terían que estar avaliados a finais do mes de maio. De haber cambios neste aspecto, modificaríase a programación consecuentemente.

EN PRIMEIRO DE BACHARELATO

1ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames escritos que incluírán toda a materia dada desde o comezo do curso hasta o momento do exame. O segundo exame valerá o dobre que o primeiro.

2ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames que terán o mesmo peso e incluírán os seguintes contidos:

- Primeiro exame: Primeira avaliación máis a materia dada da segunda.
- Segundo exame: Toda a materia dada na segunda avaliación.

3ª AVALIACIÓN: Realizaranse tres exames que terán o mesmo peso e incluírán os seguintes contidos:

- Primeiro exame: Primeira avaliación máis a materia dada da terceira.
- Segundo exame: Segunda avaliación máis a materia dada da terceira.
- Terceiro exame: Toda a materia dada na terceira avaliación.

A nota de cada avaliación ordinaria nos grupos de 1º de Bacharelato, tanto en Matemáticas I como en Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I, estará constituída nun **90%** pola cualificación obtida polos correspondentes exames xa mencionados, en nun **10%** polas anotacións que o profesor teña en cada período relativas a:

1. Probas de control, orais ou escritas sobre cuestión teóricas e exercicios prácticos propostos aos alumnos sen previo aviso e referidas á lección en curso ou á lección inmediatamente anterior á data en que a proba teña lugar.
2. Preguntas na clase que servirán para valorar os coñecementos teórico-prácticos acadados polo alumno e o emprego adecuado da ferramenta matemática, así como o rigor no razoamento e a linguaxe utilizada.
3. Traballos voluntarios realizados polos alumnos a proposta do profesorado.

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.

A **nota final** do curso calcularase do seguinte modo:

$$Nota_{final} = \frac{Nota_{1ª} + 2 \cdot Nota_{2ª} + 3 \cdot Nota_{3ª}}{6}$$

- Esta nota final será redondeada á súa parte enteira por exceso ou defecto segundo a progresión observada polo alumno ao longo do curso.
- No caso de que esta **Nota_{final}** fora inferior a 5, pero o alumno aprobara a terceira avaliación, a súa nota final sería un **cinco**.

EN SEGUNDO DE BACHARELATO

1ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames escritos que incluírán toda a materia dada desde o comezo do curso hasta o momento do exame. O segundo exame valerá o dobre que o primeiro.

2ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames que terán o mesmo peso e incluírán os seguintes contidos:

- Primeiro exame: Primeira avaliación máis a materia dada da segunda.
- Segundo exame: Toda a materia dada na segunda avaliación.

3ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames, o primeiro terá valor dobre que o segundo, e incluírán os seguintes contidos:

- Primeiro exame: Primeira e segunda avaliacións máis a materia dada da terceira.
- Segundo exame: Toda a materia dada na terceira avaliación.

A nota de cada avaliación ordinaria nos grupos de 2º de Bacharelato, tanto en Matemáticas II como en Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, estará constituída nun **90%** pola cualificación obtida polos correspondentes exames xa mencionados, en nun **10%** polas anotacións que o profesor teña en cada período relativas a:

1. Probas de control, orais ou escritas sobre cuestión teóricas e exercicios prácticos propostos aos alumnos sen previo aviso e referidas á lección en curso ou á lección inmediatamente anterior á data en que a proba teña lugar.
2. Preguntas na clase que servirán para valorar os coñecementos teórico-prácticos acadados polo alumno e o emprego adecuado da ferramenta matemática, así como o rigor no razoamento e a linguaxe utilizada.
3. Traballos voluntarios realizados polos alumnos a proposta do profesorado.

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.

A **nota final** do curso calcularase do seguinte modo:

$$Nota_{final} = \frac{Nota_{1a} + 2 \cdot Nota_{2a} + 3 \cdot Nota_{3a}}{6}$$

- Esta nota final será redondeada á súa parte enteira por exceso ou defecto segundo a progresión observada polo alumno ao longo do curso.
- No caso de que esta **Nota_{final}** fora inferior a 5, pero o alumno aprobara a terceira avaliación, a súa nota final sería un **cinco**.

EN MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS

Realizarase un exame por trimestre .

A cualificación dos exames contará o **90%** da nota e o **10%** restante sairá das probas de control e realización de tarefas e a actitude do alumno ante a materia e o seu comportamento na aula. Salvo na primeira avaliación que será un 70% fronte un 30%, xa que se farán máis traballos que nos outros trimestres.

A cualificación que así resulte será a cualificación da avaliación correspondente a ese período e será a que o profesor leve á reunión de avaliación redondeada por defecto ou por exceso segundo o progreso do alumno.

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.

A cualificación final do curso calcularase da seguinte maneira:

Sempre que en cada avaliación se obteña polo menos un 4 farase a media aritmética das tres avaliacións.

Se o anterior cálculo da como resultado 5 puntos ou mais, o alumno superará o curso e a cualificación final será **a media aritmética** das tres avaliacións.

Se esta media é inferior a 5 ou ten algunha avaliación con menos dun 4, entón terá dereito a un exame final de recuperación por avaliacións suspendidas.

A nota substituirá á da avaliación suspendida e se fará de novo a media e esa será a cualificación final do curso.

OBSERVACIÓNS

- **CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA. EXAMES DE SETEMBRO**
Realizarase un único exame por curso, e a materia obxecto de exame será toda a do programa impartido durante o curso. O alumno superará a materia se nese exame alcanza un mínimo de 5 puntos ou mais (sobre 10).
De haber algún alumno con adaptación especial poderase facer un exame diferente, encargándose de elaborar a proba o profesor que lle deu clase.
- Os alumnos que elixiron os Reforzos de Matemáticas de 1º e 2º de ESO así como a Ampliación en Matemáticas I e Ampliación en Matemáticas II non terán cualificación nestas materias optativas, pero o interese, traballo e aplicación amosados nas mesmas, pode ser tido en conta para favorecer ao alumno na súa cualificación na correspondente materia de Matemáticas que estea a cursar.
- **PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA EN BACHARELATO**
Segundo acordo en reunión de Departamento de 30 de Outubro de 2013: Estará no 15% do total.

18. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

PROGRAMACIÓN		Valoración*				Observacións á nota numérica	Propostas de mellora
		1	2	3	4		
1	A programación é consensuada e sometida a acordo.						
2	A programación contempla os recursos didácticos e humanos dispoñibles.						
3	Consulta a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.						
4	Recollo de maneira específica na miña programación aquelas competencias que son básicas e fundamentais.						
5	Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.						
6	Ao comezo de cada novo traballo, proporciono ao alumnado toda a información que necesita (aspectos que imos traballar, obxectivos, actividades, competencias a desenvolver, etc.)						

*1: Nunca, non, insatisfactoriamente.

2: Ás veces, puntualmente.

3: Case sempre, frecuentemente.

4: Sempre, si, satisfactoriamente.

A continuación incluímos uns instrumentos de axuda para reflexionar sobre catro aspectos fundamentais na práctica docente que son:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento da ensinanza.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

PLANIFICACIÓN		Valoración*				Propostas de mellora
		1	2	3	4	
1	Programo a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.					
2	Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.					
3	Selecciono e secuencio de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.					
4	Programo actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.					
5	Planifico as clases de modo flexible, preparo actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.					
6	Establezo os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.					
7	Coordínome co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.					

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		Valoración*				Propostas de mellora
		1	2	3	4	
1	Proporciono un plan de traballo ao principio de cada unidade.					
2	Considero situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).					
3	Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.					
4	Informo sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.					
5	Relaciono os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.					
6	Estimulo a participación activa dos estudantes na clase.					
7	Promovo a reflexión dos temas tratados.					

DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA		Valoración*				Propostas de mellora
		1	2	3	4	
1	Resumo as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas.					
2	Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos, se é posible, cos xa coñecidos; intercalo preguntas aclaratorias; poño exemplos...					
3	Teño predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.					
4	Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.					
5	Utilizo axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.					
6	Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída cos estudantes.					
7	Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas					
8	Presento actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.					
9	Presento actividades de grupo e individuais.					

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE		Valoración*				Propostas de mellora
		1	2	3	4	
1	Realizo a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.					
2	Detecto os coñecementos previos de cada unidade didáctica.					
3	Reviso, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.					
4	Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.					
5	Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.					

6	Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.					
7	Favorezo os procesos de autoavaliación e coavaliación.					
8	Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.					
9	Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.					
10	Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.					
11	Emprego diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.					

*1: Nunca, non, insatisfactoriamente.

2: Ás veces, puntualmente.

3: Case sempre, frecuentemente.

4: Sempre, si, satisfactoriamente

19. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

- Os alumnos de 2º, 3º e 4º de E.S.O. coa materia de matemáticas pendente de cursos anteriores serán sempre responsabilidade do profesor do curso no que se atopen matriculados neste curso 2016/17. Será polo tanto dito profesor o que se encargue de facer o seguimento do seu traballo dirixido a aprobar a materia pendente o longo do curso.

Nunha primeira reunión lles dará os **contidos mínimos** da materia pendente, lles informará do procedemento e lles entregará exercicios para traballar. Tamén se notificará por escrito as familias o Plan de recuperación:

- Se o alumno aproba as dúas primeiras avaliacións da materia de matemáticas do curso actual, aprobará a materia pendente e a cualificación será a media aritmética das dúas cualificacións citadas. O profesor informará ó xefe de departamento sobre os alumnos que superan a materia pendente e sobre a cualificación dos mesmos.
- No caso contrario, o alumno terá dereito a un exame ó finalizar o curso (estes exames serán fixados pola xefatura de estudos).

O profesor que lles dea clase no curso actual aos alumnos coa materia pendente, tratará de axudarlles resolvéndolles as posibles dúbidas que se lles presenten na resolución dos exercicios e lles dará **fichas de repaso** para ver a súa evolución na materia pendente. A confección do exame e corrección do mesmo farase no departamento e da vixilancia encargárase o xefe de departamento ou un profesor do mesmo en quen delegue, se fose necesario. O exame contará o 90% da nota e o 10% restante resérvase para as fichas de traballo. Os alumnos que entreguen ben traballadas as fichas de repaso obterán como máximo ese 10% da nota final.

- Os alumnos de segundo curso de bacharelato con matemáticas pendentes de primeiro serán informados y orientados polo xefe do Departamento nunha reunión inicial onde se lles darán os **contidos mínimos**, se lles informará do procedemento e lles entregará exercicios para traballar. Tamén se notificará por escrito ás familias o Plan de recuperación.

Os profesores que imparten a materia de segundo curso estarán a disposición destes alumnos para resolverlles posibles dúbidas en relación coa materia obxecto de exame. Se darán fichas de traballo para cada tema que o alumno debe entregar ben feitas. Estes traballos contarán o 10% da nota e o 90% restante será o exame.

Terán dereito a dous exames, un no mes de xaneiro e outro no mes de maio (segundo o calendario proposto pola xefatura de estudos). Cada exame abarcará toda a materia, superándose esta no momento en que se aprobe un dos dous exames.

A confección dos exames e a corrección dos mesmos faranse no departamento e da vixilancia dos mesmos encargárase o xefe de departamento ou un profesor do mesmo en quen delegue, se fose necesario.

20. PROCEDIMIENTO PARA ALUMNOS CON MATERIAS TRONCAIS EN 2º DE BACHARELATO NON CURSADAS EN 1º

Os contidos mínimos son os recollidos nos apartados correspondentes da programación de Matemáticas I e Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I

Os alumnos que estean nesta situación serán orientados para a preparación do exame e entregaránelles exemplares de exames propostos en convocatorias anteriores.

Ademais, os profesores que imparten a materia de segundo curso estarán a disposición destes alumnos para resolverlles posibles dúbidas en relación coa materia obxecto de exame.

Estes alumnos terán dereito a dous exames, un no mes de xaneiro e outro no mes de maio (segundo o calendario proposto pola xefatura de estudos). Cada exame abarcará toda a materia, superándose esta no momento en que se aprobe un dos dous exames. A confección dos exames e a corrección dos mesmos faranse no departamento e da vixilancia dos mesmos encargárase o xefe do departamento ou un profesor do mesmo en quen delegue, se fose necesario.

21. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Desde o departamento de Matemáticas consideramos que é moi aconsellable, e case que apuntaríamos obrigatorio nos cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, realizar unha proba inicial, que xunto cos datos recollidos hasta a data da mesma, permita ao profesorado un mellor coñecemento do alumnado ao seu cargo e, en consecuencia, adoptar, de ser o caso a medida ou medidas máis convenientes.

Data prevista para a súa realización: Despois duns, aproximadamente, quince días desde o comezo do curso escolar; ao redor da primeira semana do mes de outubro.

Descrición do tipo de proba: Confeccionarase unha proba de preguntas e respostas básicas que permitan obter información precisa sobre os coñecementos previos mínimos que se consideren fundamentais para afrontar o comezo do curso de que se trate.

Consecuencias do resultado da proba: O resultado desta proba para cada alumno en particular, xunto co recollido na observación directa do mesmo durante o período considerado desde o comezo do curso, permitirá ao profesor detectar o nivel competencial do alumno, as posibles carencias, ... e, consecuentemente, a que será a solución máis axeitada para un mellor desenvolvemento das competencias individuais do alumno. É neste momento cando se poderá decidir a inclusión do alumno nun programa de reforzo da materia en cuestión ou ben que reciba apoio por parte do profesorado especialista en PT/AL do centro en casos que así o precisen.

22. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade, desde este departamento, concrétese nas medidas adoptadas pola Xefatura de estudos na organización dos grupos de alumnos dos distintos cursos de Educación Secundaria Obrigatoria e nas que propón o propio departamento.

- **MEDIDAS ORGANIZATIVAS DO PRESENTE CURSO**

- O alumnado de E.S.O. que ten a materia suspensa de cursos anteriores foi distribuído de maneira que todos os grupos dun mesmo curso teñen, aproximadamente, o mesmo número de alumnos coa materia pendente. Estes alumnos posúen, polo xeral, dificultades na aprendizaxe da materia.
- No caso concreto de 2º curso de Educación Secundaria Obrigatoria está a desenvolverse un PMAR, cuxo Ámbito Científico Matemático estase a impartir por un profesor do departamento.
- Creación de dous cursos de Reforzo en Matemáticas e 1º curso de ESO, outros dous en 2º de ESO e un no PMAR.
- Formación dun Agrupamento específico en 1º de ESO de Matemáticas.
- Hai alumnos que reciben apoio fora da aula por parte do profesorado especialista en PT/AL do centro.

- **MEDIDAS ADOPTADAS POLO DEPARTAMENTO**

Cando sexan detectadas dificultades na aprendizaxe da materia nos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria tomaranse as medidas que seguen:

- Teranse en conta as medidas e acordos acadados na avaliación inicial dos distintos cursos.
- Farase unha atención individualizada, se o número de alumnos con dificultades (por grupo) non é excesivo. Se non é así, farase en pequenos grupos.
- O profesor adoptará algunha estratexia para que o alumno que se ve incapaz de seguir ós demais avance nos coñecementos e na práctica, aínda que non alcance os obxectivos do curso. No caso en que se note que o alumno avanza “seguinto o seu ritmo” será tratado igualmente con cualificación positiva ó finalizar o curso en cada unha das tres avaliacións.

- O profesorado que teña que poñer en práctica nos grupos que imparta estas medidas, porá o período dos recreos (cando está no centro) a disposición dos alumnos para a axudar ós mesmos, se é necesario e os alumnos e as súas familias teñen interese.
- No presente curso estanse a realizar en colaboración co departamento de Orientación, adaptacións curriculares a diferentes alumnos que o precisan. (A relación dos mesmos, será incluída na memoria do Departamento)
- O profesorado tamén deberá ter en conta a adaptación dos tempos para a realización das diferentes probas escritas para aqueles alumnos que sabemos diagnosticados TDHA (trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade).

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN BACHARELATO

Para o caso en que aparezan alumnos con necesidades educativas especiais o departamento de matemáticas establece o seguinte procedemento:

- a) O profesor do curso no que se presente algún caso colaborará coa Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación, aplicando as medidas que establezan para a atención destes casos.
- b) O profesor colaborará coas persoas responsables do alumno, dando a información académica que soliciten e daralles os consellos necesarios para que o alumno poida preparar a materia da mellor maneira posible.
- c) Para estes posibles alumnos, flexibilizará a temporalización establecida para os contidos da materia e proporralles as probas e exames adaptándose ó ritmo de estudo dos mesmos, se fose necesario.

23. TEMAS TRANSVERSAIS

Considéranse temas transversais: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional e polo tanto deben traballarse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Temos que promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

A programación docente debe abranguer a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Hai que fomentar medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Desde o departamento de Matemáticas podemos, en concreto, apuntar as seguintes liñas de traballo:

- **Comprensión lectora:** poñerase a disposición do alumnado unha selección de textos sobre os que se traballará a comprensión, cuxo desenvolvemento é crucial á hora de entender textos de tipo histórico, biografías, anécdotas, noticias, artigos de prensa, etc., así como enunciados de problemas de toda índole, facilitando deste xeito a mellora das estratexias de resolución de problemas.
- **Expresión oral e escrita:** os debates na aula e o traballo colaborativo son, entre outros, momentos a través dos cales o alumnado deberá ir consolidando as súas destrezas comunicativas. Terán que comprender e interpretar os datos que se proporcionan e expresar correctamente as conclusións ás que se chega tras o estudo das cuestións que lle son presentadas.
- **TIC:** o uso das tecnoloxías da información e a comunicación debe estar presente na aula, tanto por parte do profesorado como do alumnado.
- **Educación en valores:** o traballo colaborativo permite fomentar o respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.
- **Emprendemento:** a sociedade actual demanda persoas que saiban traballar en equipo; por iso, na aula débese impulsar o uso de metodoloxías que promovan o traballo en grupo e técnicas cooperativas que fomenten o traballo consensuado, a toma de decisións en común e o respecto ás opinións dos demais.

24. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Organizarase, como en cursos pasados, o Concurso de Fotografía Matemática para o alumnado de ESO e de Bacharelato e desenvolverase seguramente durante o terceiro trimestre do curso.
- Contemplamos a posibilidade de organizar (como xa se fixo o pasado curso 2014/15) un Taller de Papiroflexia para o primeiro ciclo da ESO.
- Posible participación do alumnado na nova edición do Canguro Matemático ou ben no Rally Matemático.
- Tratarase de organizar algunha conferencia de interese para o alumnado en colaboración con outros departamentos do Centro (de Astronomía, de maxia e matemáticas, etc.)
- Efectuarase unha saída a Vigo co alumnado de 1º da ESO ao Obradoiro de Matemáticas, IMATXINA, organizado pola Fundación Escola Rosalía e EducaBarrié e co asesoramento de AGAPEMA.

25. PLAN LECTOR

Cursos afectados: Alumnado da ESO

Materias do Departamento afectadas : Matemáticas de 1º a 4º da ESO.

Tipo de enfoque que se vai a dar á lectura desde o departamento :

- Adquisición e consolidación do hábito lector e mellora da competencia lectora individual.
- Medio para a consecución das competencias curriculares : axuda na comprensión lectora de problemas (aprender o vocabulario específico das matemáticas)
- Contribución ao desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.
- Fomentar o uso da biblioteca.

Tipo de actividades que se van realizar :

- Verificación do dominio de técnicas lectoras : fluidez, comprensión , expresión.
- Dominio do vocabulario específico das matemáticas
- Busca de información
- Lectura e resume de a lo menos un libro de lectura matemática proposto polo profesor.
- Elaboración de pequenos traballos : resolución de problemas, traballos de estatística, xeometría.
- Coñecer textos divulgativos relacionados coas matemáticas .
- Tratamento de textos descontinuos : interpretación de gráficos, táboas e diagramas

Materiais e medios de lectura que se empregarán :

Materiais

a) Tipo de textos

- Continuos : descrición, argumentación, exposición.
- Descontinuos: cadros, gráficos, táboas, formularios, follas informativas.

b) Uso

- Lectura silenciosa , lectura en voz alta, lectura individual y colectiva dependendo da actividade a realizar

c) Producción :

- Extracción de datos
- Comprensión e expresión
- Reflexión sobre a forma e o contido

Medios e soportes

- Libros de lectura (estanse mercando libros de Matemáticas para a Biblioteca)
- Fragmentos de libros de interese matemático
- Artigos xornalísticos ou reportaxes que requiran interpretación estatística
- Manexo de páxinas web con actividades matemáticas

Temporalización

Os alumnos da ESO dedicarán una hora cada 15 días segundo a programación proporcionada pola Dirección do Centro.

Na 2ª Avaliación, haberá un libro de lectura obrigatoria do que se fará un traballo ou ben unha proba escrita que contará para a nota de Matemáticas.

Lista de libros de lectura na ESO do Departamento de Matemáticas:

1º ESO	El palacio de las cien puertas. Carlo Frabetti	Ernesto, el aprendiz de matemago. J Muñoz Santonja
2º ESO	Hipatia la maestra. Florenci Salesas	Cuentos del cero. L Balbuena
3º ESO	El asesinato del profesor de matemáticas. Jordi Sierra i Fabra	El señor del cero. Isabel Molina
4º ESO	El gran juego. Carlo Frabetti	El curioso incidente del perro a medianoche. Mark Haddon

26. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Procedemento:

- Corresponde ó departamento formular as necesidades, presentar propostas e introducir cambios (nas distintas reunións deste órgano).
- Realizárase una avaliación global da programación e considerárase a necesidade de introducir as modificacións que se estimen oportunas (disto darase conta na Memoria Final de Departamento).

Criterios:

- Posta en práctica dos acordos asumidos.
- Validez dos acordos adoptados para:
 - Dar resposta a un caso concreto.
 - Acadar os obxectivos previstos.
- Aparición de necesidades non previstas
- Utilización de recursos humanos e materiais.
- Comprobación (ó finalizar o curso) se os obxectivos e contidos especificados na mesma concordan cos que realmente se lograron alcanzar ou deu tempo a impartir (respectivamente) de unha maneira aceptable.
- Analizar se as reclamacións feitas polos alumnos se puideron atender cos acordos que figuran na programación.

A fonte para establecer os posibles cambios na programación será a Memoria de Final de Curso do departamento.

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

➤ **MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN (Curso 2011-2012)**

No curso 2010-2011 houbo modificación da programación (a instancias da dirección do centro) en canto á avaliación de alumnos coa materia pendente de cursos anteriores e, promovida polo propio departamento, unha pequena revisión dos procedementos e instrumentos de avaliación. No presente curso complétanse estes criterios para facer referencia ós alumnos que perden o dereito á avaliación continua.

Por outra banda, actualízase, como todos os anos, a distribución temporal de contidos; engádese a programación do curso de PDC (4º de ESO), por corresponder a área de C. Nat. a este departamento e engádense, finalmente, apartados referidos á avaliación inicial, ó plan de convivencia, ó tratamento dos valores, a aspectos metodolóxicos, ó tratamento de temas transversais, propostas para atender os posibles cambios de modalidade en 2º de bacharelato, modo de atender ás reclamacións sobre cualificacións finais, clases de preparación das PAU, plan para mellora das competencias básicas, probas para os alumnos con perda de escolaridade ou abandono da materia e, finalmente, modo de difusión da programación na comunidade escolar.

➤ **MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN (Curso 2012-2013)**

As únicas modificacións que se incorporan neste curso son as referidas á distribución temporal da materia nos diferentes cursos.

➤ **MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN (Curso 2013-2014)**

Aparte de facer pequenas modificacións na distribución temporal das materias, acordamos modificar a orde dos temas a impartir en 2º ESO pensando na proba de diagnóstico.

Igualmente modificamos os criterios de cualificación incorporando como mínimo un 3 para poder facer media. Tamén en 2º Bacharelato modificamos os criterios, valorando ata un punto os controles e o traballo de aula.

Ós pendentos da ESO se lles valorará ata un punto polas fichas de traballo de pendentos.

Como había moitos anexos, os integramos noutros apartados, deixando un no que incluímos a programación reducida que non había.

Por último no plan de traballo de 2º Bacharelato con materias de 1º non cursadas inclúese un modelo de exame.

➤ **MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN (Curso 2014-2015)**

Reformouse totalmente a programación da ESO para traballar as CCBB segundo figura aparte no Plan Mellora.

Fixemos modificacións nas distribucións temporais das materias, especialmente en Bacharelato.

Novamente se modificaron os criterios de cualificación, introducindo porcentaxes.

Os pendentes da ESO e Bacharelato teñen un plan de pendentes máis actualizado e con novas fichas de traballo

➤ **MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN (Curso 2015-2016)**

Debido á implantación da LOMCE nos cursos primeiro e terceiro da Educación Secundaria Obrigatoria e primeiro de Bacharelato durante o presente curso académico, téñense que modificar o currículo, os obxectivos, os programas e as avaliacións destes cursos, e, en consecuencia, hai que reformar por completo a programación dos mesmos.

➤ **MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN (Curso 2016-2017)**

Foron reformados os criterios de avaliación e cualificación co fin de que a avaliación do alumnado sexa continua e integradora.

Segundo o calendario de implantación da LOMCE, modifícanse o currículo, os obxectivos, os programas e as avaliacións de segundo e cuarto da Educación Secundaria Obrigatoria e segundo de Bacharelato, e consecuentemente, temos que reformar por completo a programación dos mesmos.

Aprobada a Programación do Departamento de Matemáticas para o curso 2016/17 polos seus integrantes, abaixo sinalados:

Eva Candelero Landeira

Miguel Casado Jiménez

Sandra Carrera Rodríguez

Alicia González García

Isabel López Barredo

José Manuel Menéndez Lobato

Francisco Pacios Álvarez

María del Mar Poncela López

En Pontevedra, 26 de setembro de 2016

